



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

PLAN DE CONVIVENCIA DO CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	4
2	A análise da situación actual da convivencia no centro.....	5
	Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa. 5	
	Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia. 5	
	Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno. 7	
	Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes. 8	
	Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas. 9	
	Valoración da situación actual 9	
3	Obxectivos específicos do plan de convivencia.....	10
4	Descrición das actuacións, das medidas e programas que se van a desenvolver para favorecer a convivencia.....	12
	Organizativas, curriculares e de coordinación 13	
	De participación da comunidade 15	
	Medidas complementarias para a mellora 15	
5	Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da lei 4/2011, de 30 de xuño.....	16
6	Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van a seguir para o seu desenvolvemento e execución..	25
	Protocolo para as actuacións en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. 25	
7	Normas de convivencia do Centro.....	30
	Protocolo de detección-incumprimento das normas 36	
8	Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que corresponden ao seu incumprimento.....	37
	Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. 37	
	Condutas leves contrarias á convivencia. 45	
9	Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, composición, periodicidade das reunións e plan de actuación.....	49
	Normas específicas para o funcionamento 50	
	Plan de actuación 51	





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

A mediación escolar 52

10	Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos da contorna.....	53
11	Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.....	55
12	Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.....	55



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



1 INTRODUCCIÓN

O obxectivo máis importante para o conservatorio é acadar o éxito educativo por parte do alumnado e para elo somos conscientes da importancia que ten un bo clima escolar e unha convivencia pacífica. A realidade social, en constante proceso de cambio, demanda do sistema educativo un continuo esforzo de adaptación e a actualización das respostas educativas fronte ás demandas e necesidades da poboación. A educación na convivencia é a vez un obxectivo básico da educación e un elemento imprescindible para o éxito dos procesos educativos. Aprender a respectar, a ter actitudes positivas, a aceptar e asumir os procesos democráticos, debe ser unha prioridade para toda a comunidade escolar xa que prepara ao alumnado para levar unha vida social adulta satisfactoria, autónoma e para que poda desenvolver as súas capacidades. Unha boa convivencia esixe respecto mutuo, aceptación e cumprimento das normas, doutras opinións e estilos de vida, respecto a diversidade, e a resolución pacífica de conflitos. O conservatorio é tamén comunidade de convivencia e centro de aprendizaxe de convivencia. Nel fomentárase unha cultura de paz na que participen todos os seus membros e se cree un clima positivo de confianza. Así fomentáranse valores democráticos, solidariedade, tolerancia, respecto mutuo, compromiso... A convivencia supón atender a dous elementos esenciais do labor educativo: considerar o intelectual e formativo do currículo e crear un ambiente psicolóxico, social e moral propicio para desenvolver ese labor educativo. Esta dobre perspectiva supón falar de emocións, dereitos humanos, xestión de conflitos, cumprimento de normas (dereitos e deberes), etc., en definitiva, falar de entenderse e respectar.





2 A análise da situación actual da convivencia no centro.

Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.

O Conservatorio atópase dentro da cidade de Santiago de Compostela na rúa Monte dos Postes, preto da estación de autobuses e de San Caetano, sede da Xunta de Galicia. Fundamentalmente o conservatorio oferta os seus servizos educativos a unha circunscrición que abarca as comarcas mais próximas, aínda que en ocasións tamén contamos con alumnado de outras zonas da provincia ou residentes incluso noutras limítrofes. O centro conta con **540 alumnos/as** distribuídos entre as Ensinanzas de Grao Elemental e as de Grao Profesional cunha idade que oscila entre os 8-14 anos nos estudos elementais e superior aos 11 anos nos profesionais.

Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

Atendendo a organización do centro distribuída en catro sectores, podemos describir os seguintes aspectos de cada un deles:

Profesorado: O cadro de persoal docente está integrado por profesorado de procedencia e idade moi diversa sendo unha característica fundamental de unha boa parte deles a súa dobre proxección nos terreos docente e artístico sendo esta última de gran importancia para o prestixio do centro e para os coñecementos e formación que poden transmitir ao alumnado, feito que repercute notablemente na convivencia. Está formado por 57 profesoras/es dos cales arredor do 80% son profesorado numerario do Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas, dotando así ao Claustro unha gran estabilidade que repercute notablemente na convivencia educativa.





Alumnado: A maioría do noso alumnado cursa o ensino obrigatorio en colexios e institutos da contorna aínda que existen algúns exemplos de alumnado que cursa unicamente as ensinanzas de música. O feito de que as Ensinanzas Musicais non teñan un carácter obrigatorio e o alumnado decida libremente asistir a este tipo de centro e optar por este tipo de ensinanzas xustifica dalgún xeito a ausencia practicamente absoluta de conflitos.

Pais-nais-titores legais: Moitas veces o alumnado asiste ao conservatorio por unha decisión dos seus proxenitores, xa que son estes os que valoran este tipo de ensinanzas, ensinanzas que fomentan valores de convivencia, respecto, esforzo, etc. A labor das nais/pais-titores legais é fundamental no que a convivencia se refire e a súa colaboración estreita co profesorado é fundamental para o éxito da nosa labor en este aspecto. No Centro contamos tamén coa ANPA Vía Stellae que colabora estreitamente co Centro e é un pilar fundamental para o Conservatorio.

Persoal de administración e servizos: O papel do persoal do servizo administrativo e do persoal subalterno é fundamental na convivencia, debido a que en moitas ocasións son o primeiro contacto que calquera dos membros dos outros sectores ten co centro. A atención telefónica e ao público, en materia de información, de orientación e de atención diversa, son elementos fundamentais para crear un ambiente favorable de convivencia.





Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.

A relación persoal entre os membros da comunidade educativa está enmarcada dentro de unha cordialidade que se pon de manifesto en calquera das actividades (de libre acceso para todo cidadán) que de xeito ordinario realiza o Conservatorio. Contribúe notoriamente, no que a convivencia se refire, o feito de que o alumnado recibe, ademais das clases de grupo, unha sesión individual dunha hora lectiva semanal co profesor/a tutor/a, sendo dito profesor/a quen exerce a tutela e a orientación académica do alumno/a ao seu cargo. De acordo coa lexislación vixente, o alumnado que ingresa no Conservatorio no primeiro curso do Grao Elemental aos 8 anos vai medrar entre as aulas e os corredores do Centro, ata alcanzar a maioría de idade. Estes dez anos, xeralmente baixo a tutela dun mesmo profesor/a, son tempo máis que suficiente para o paulatino establecemento, de maneira natural, dun sólido vínculo afectivo co alumno/a, e coa súa familia. Esta característica singular, propia dos ensinos musicais, permite asegurar que o profesor/a tutor en non poucas ocasións, alcanza a participar en decisións de calado, particularmente nas relativas ao seu futuro profesional que adoptan os alumnos/as, especialmente naqueles que deciden continuar os estudos de música de grao superior. Cabe engadir que o estreito lazo aludido que se establece durante dez anos entre o profesor/a tutor/a e os seus alumnos/as e familiares acrecéntase debido á natureza artística do ensino musical que imparte o Conservatorio. É práctica habitual que o profesorado e o alumnado comparta os rigores do escenario afrontando, no seu caso, a interpretación dun programa fronte ao público, habendo de superar en común as dificultades que se





atopan, o que acaba por crear unha complicidade descoñecida noutras áreas do ensino. Este feito non deixa evidentemente á marxe as relacións persoais e de convivencia inherentes ao fenómeno musical entre profesorado e alumnado.

Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.

Ao longo da historia do Conservatorio (14 anos) un elevado número de alumnos/as saíron formados nas súas aulas en calquera das súas facetas: composición e/ou interpretación instrumental. A comunidade educativa dende entón, podemos dicir que, apenas sufriu conflitos reseñables que afectaran á normal convivencia; este dato, sen dúbida, ten o seu fundamento na propia esencia das ensinanzas artísticas que se imparten no Conservatorio. Aínda así, cabería mencionar unha época convulsa no final do curso 2013-2014, onde houbo algúns feitos (rotura da máquina de control de asistencia do profesorado e pintadas ameazantes no exterior do edificio contra o daquela director do Conservatorio) nada habituais nin normais. A isto cómpre engadir o clima de tensión vivido ao remate dese curso co cambio da dirección e o proceso de nomeamento da novo director, situación que se foi estabilizando nestes últimos anos. En termos xerais podemos considerar que a convivencia no noso Centro entre todos os sectores da comunidade educativa e boa, considerándose anecdótico as puntuais incidencias leves relativas a conflitos de convivencia. Lembrar, como dicíamos anteriormente que os ensinos musicais que imparte o Centro non revisten, en termos legais, un carácter obrigatorio para o alumno. Por iso, maioritariamente, os alumnos/as acoden ao Conservatorio de maneira voluntaria, ben por iniciativa propia, ben a instancias das súas familias que valoran positivamente a educación musical de nivel profesional que imparte o Centro. Achégase así un novo argumento, nada





desdeñable, a efectos de alcanzar a entender a habitual convivencia en harmonía que caracteriza o día a día do Conservatorio. Deste xeito, ademais cabe afirmar que os alumnos/as medran e maduran nas aulas do Centro, onde fraguan nun contexto educativo de aberta cordialidade, grupos e amizades para toda a vida.

Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

A principal ferramenta para o establecemento de unha convivencia adecuada é o diálogo. Os/as titores/as tratan os pequenos conflitos nas titorías tanto co alumnado como cos pais, nais ou titores legais do alumnado. Ademais, dende a Xefatura de Estudos e dende a Dirección lévase a cabo unha labor de escoita e diálogo co alumnado máis propenso a xerar conflitos. Por outra banda, as actividades programadas polo profesorado, departamentos e polo propio centro que complementan a actividade lectiva, reforzan a motivación e aprendizaxe do alumnado sendo este un instrumento favorecedor da convivencia.

Valoración da situación actual

Dado que no centro non se contaba cun Plan de convivencia no momento de redacción de este documento terase en conta de cara ao primeiro ano da posta en marcha do Observatorio e do Plan de Convivencia, de xeito especial a avaliación da situación e das necesidades do Centro. Para a devandita avaliación recollerase información dos distintos puntos de vista da comunidade educativa, para o cal se empregará: – Enquisa ao profesorado, familias, alumnado e persoal non docente. – Análise dos distintos documentos nos que se notifiquen ou comenten situacións relacionadas con este particular, (actas de Claustro, de Consello Escolar ou CCP,





comunicacións persoais do profesorado, alumnado ou calquera outro membro da comunidade escolar). – Actividades informativas, programadas igualmente para todos os membros da comunidade escolar. Correspóndelle ao Observatorio de Convivencia Escolar a análise e a valoración da información obtida, para a modificación do Plan de Convivencia. Engadir que actualmente os conflitos (se lle podemos chamar conflitos) dos que se ten coñecemento son os que xorden nas clases individuais, os propios da relación profesor- alumno/a que se desencadean polo matiz de ensinanza tan personalizada.

3 Obxectivos específicos do plan de convivencia

Son obxectivos específicos do plan de convivencia os seguintes:

- a) Ser o instrumento que articule a convivencia entre os diferentes elementos que constitúen a comunidade educativa, regulando os seus dereitos e deberes, e facilitando os seus procesos de participación e colaboración.
- b) Articular procedementos e protocolos de actuación específicos ante problemas graves de convivencia que vulneren os dereitos dos membros da comunidade.
- c) Proporcionar unha regulamentación que facilite o control e mellora dos procesos de convivencia no Centro.
- d) Facilitar, promover e achegar a necesaria articulación aos procesos de prevención, mellora, innovación, para conseguir os fins deste Plan e para incrementar o rendemento académico do noso alumnado.
- e) Ser o medio idóneo para potenciar a educación integral dos alumnos e alumnas no respecto aos Dereitos Humanos e á convivencia entre persoas,





aproximándonos día a día a un modelo de educación da diversidade e da interculturalidade.

- f) Ser o fundamento para o desenvolvemento da autonomía e responsabilidade persoal do alumnado, fomentando a formación dun modelo de persoa que asume a súa responsabilidade para con ela mesma e para cos demais.
- g) Incrementar os procesos de colaboración familia-conservatorio co obxecto de alcanzar un alto nivel de colaboración e promover, ademais, unha idea de educación (criterio, norma, obxectivo, estilos de funcionamento....) compartida na que se traballe de forma conxunta desde a familia e desde o conservatorio.
- h) Implicar a outros axentes colaboradores (Concello, Servizos Sociais, Policía, Centros de Saúde, etc...) na tarefa educativa, cando fose oportuno e necesario.
- i) Conseguir que a comunidade externa ao Centro colabore co proceso educativo e conseguir que o alumnado faga actividades comunitarias de participación e colaboración coa cidade.
- j) Fomentar a comprensión, aceptación, e colaboración coas diferenzas individuais: facilitando nos alumnos e alumnas a elaboración de identidades positivas de xénero, raza, clase social..., promovendo o respecto e aceptación doutras formas de entender a vida e a identidade persoal, para conseguir como obxectivo final a apertura cara á participación e colaboración co outro. Todo iso como vía de conseguir unha conciencia, que leve ao compromiso social coa integración da diferenza nas comunidades nas que se participe.
- k) Contribuír a conseguir un conservatorio no que todos aprendamos a convivir no respecto ás nosas diferenzas e potencialidades, facilitando que todos podamos alcanzar o máximo do noso desenvolvemento persoal, nun ambiente de





respecto e colaboración mutua, para chegar a ser individuos plenos (nos nosos dereitos e nas nosas posibilidades de desenvolvemento).

- l) Dar a coñecer á comunidade educativa os protocolos de actuación ante calquera conflito que xurdise no Centro.

4 Descrición das actuacións, das medidas e programas que se van a desenvolver para favorecer a convivencia

Terán esta consideración de medidas preventivas e de sensibilización todas aquelas actividades que se consideren oportunas para a mellora da convivencia, para previr a violencia e resolver de forma pacífica os conflitos que puidesen xurdir, tendo en conta o diagnóstico do estado da convivencia no centro e os obxectivos programados. Entre as actuacións, medidas ou programas a desenvolver para favorecer a convivencia, enuméranse as seguintes:

1. A procura dunha correcta convivencia escolar estará presente en todas as actuacións organizativas, curriculares e de coordinación que se desenvolvan tanto no propio centro como nas actividades extraescolares e complementarias que teñan lugar fóra del.
2. Formación de grupos de mediación entre o alumnado que actúe na resolución pacífica dos conflitos.
3. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar e o ciberacoso dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparen para detectalo, reaccionar e intervir fronte a este.





4. Posta en práctica de medidas e/ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.
5. Aplicación do protocolo de acoso escolar, no que se inclúen diversos tipos de medidas para detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, aplicando, se é o caso, as oportunas medidas correctoras e/ou sancionadoras.

Organizativas, curriculares e de coordinación

- a) Actividades encamiñadas a facilitar a integración e a participación do alumnado. En especial, todas aquelas actividades como concertos, concursos etc. nas que o alumnado teña unha participación activa e de convivencia cos demais compañeiros/as.
- b) Actividades que faciliten o coñecemento, tanto por parte do alumnado como dos seus pais/nais/titores das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas disciplinarias que, no seu caso, se aplicarían.
- c) Actividades dirixidas a favorecer a relación das familias co centro educativo. En concreto, toda actividade que promova a participación das familias na vida do mesmo.
- d) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e zonas comúns, así como da atención ao alumnado mentres este permaneza dentro do recinto do conservatorio.
- e) Actividades que facilitan a integración e participación do alumno matriculado por primeira vez, así como da súa familia. (Plan de acollemento do alumnado)¹





¹*O proceso de acollida farase do seguinte xeito:*

Dado o tipo de ensinanzas que se desenvolven no conservatorio coas características propias das mesmas, cando un alumno/a chega por primeira vez á clase ao centro o seu primeiro contacto vai a ser co profesor da materia instrumental. Procederase do seguinte xeito:

1 Poderá mostrarlle o primeiro día de clase, o conservatorio.

2 O titor/a encargarse da integración do alumno/a no conservatorio en xeral e na súa aula en particular.

3 O titor/a debe informar a familia de todas aquelas cuestións de funcionamento da súa aula.

f) As familias do alumnado que presente problemas de conduta e de aceptación das normas escolares recollidas neste Plan, poderán subscribir co centro un compromiso de convivencia e colaboración.

g) Tutoría persoal de alumnado con dificultades de adaptación²

²*Os obxectivos desta tutoría son:*

1. Acompañar ao alumnado con dificultades de adaptación persoal e escolar, servindo de guía, referente ou modelo, no seu proceso de desenvolvemento como persoa.

2. Conseguir establecer unha relación de confianza titor/a e alumno/a que permita a comunicación e a resolución de conflitos.

h) Plan de acción tutorial³

³*Coordinar as accións dirixidas a:*

1. Informar aos pais de todo o concemente á educación dos seus fillos.

2. Actuar os titores como mediadores entre pais, profesores/as e alumnos/as.

3. Integrar aos alumnos nun grupo e nun Centro (ensinar a ser persoa).

4. Favorecer a personalización dos procesos de ensino e aprendizaxe (ensinar a pensar).

5. Ofrecer a debida orientación e favorecer a madurez vocacional (ensinar a decidirse).

6. Estimular a creación de actitudes participativas, hábitos de convivencia e tolerancia na Comunidade Educativa do Centro

7. Fomentar a cultura do esforzo.





De participación da comunidade

- a) Cursos para o profesorado do Conservatorio sobre intelixencia emocional e problemáticas específicas asociadas á convivencia.
- b) Actividades de convivencia nas que teñamos que convivir durante varias horas tales como intercambios de alumnado con outros conservatorios da Comunidade ou incluso de fóra da Comunidade galega.
- c) Audicións ou concertos con participación activa de nais/pais ou outros membros da comunidade educativa diferente ao alumnado.
- d) Actividades dirixidas á sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás familias, así como promotoras da igualdade entre homes e mulleres.

Medidas complementarias para a mellora

- a) Programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.
- b) Programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais específicos para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Estes programas aplicaranse coordinadamente polo titor, que procurará implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.





5 Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da lei 4/2011, de 30 de xuño.

O acoso escolar

O acoso escolar é entendido como os malos tratos psicolóxicos, verbal ou físico sufrido por un alumno ou alumna no ámbito escolar, derivado de factores persoais (físicos, psicolóxicos, de orientación e/ou identidade sexual) ou colectivos (factores étnicos, grupo social, relixioso), de forma reiterada e ao longo dun período de tempo determinado.

O acoso escolar pode adoptar distintas manifestacións: a exclusión e marxinación social, a agresión verbal, as vexacións e humillacións, a agresión física indirecta ou directa, a intimidación, as ameazas e/ou a chantaxe, entre outras. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

É importante non confundir este fenómeno con agresións esporádicas entre o alumnado e que serán atendidas aplicando as medidas que o centro ten establecidas no seu plan de convivencia e nas súas normas de organización e funcionamento.

Características do acoso escolar

- a) Existe intencionalidade. Exprésase nunha acción agresiva que xera na vítima a expectativa de ser branco de futuros ataques.
- b) Reiteración. Repítese no tempo. A agresión producida non constitúe un feito illado e a vítima sófrea de forma continuada.





- c) Existe desequilibrio de poder. Prodúcese unha desigualdade de poder físico, psicolóxico ou social, que xera un desequilibrio de forzas nas relacións interpersoais.
- d) Prodúcese indefensión e personalización. O obxectivo dos malos tratos adoita ser un só alumno ou alumna, que é colocado desta maneira nunha situación de indefensión.
- e) Con frecuencia pode ter un compoñente colectivo ou grupal. Na maioría de situacións, non existe un só agresor ou agresora, senón varios.
- f) Normalmente, aparecen observadores pasivos. As situacións de acoso, usualmente, son coñecidas por terceiras persoas que non contribúen suficientemente para que cese a agresión.
- g) Esta situación de invisibilidade adoita pasar desapercibida moitas veces para os adultos.

O ciberacoso

Dentro dos diferentes tipos de acoso e as súas manifestacións, recentemente os expertos viñeron elaborando un novo concepto de acoso, o que se vale de medios electrónicos e que recibe o nome de "ciberacoso". Esta conduta defínese como acoso entre iguais na contorna das tecnoloxías da información e da comunicación, e mediante TIC, e inclúe actuacións de chantaxe, vexacións e insultos entre alumnos. Supón difusión de información lesiva ou difamatoria en formato electrónico. O ciberacoso é un fenómeno de gran relevancia pola súa prevalencia, a gravidade das súas consecuencias e as dificultades que presenta para a súa prevención e abordaxe.





Características do ciberacoso

- a) Agresión repetida e duradeira no tempo.
- b) Intención de causar dano: non sempre se dá nos primeiros estadios do proceso.
- c) Adoita existir contacto ou relación previa no mundo físico.
- d) Pode estar ligado ou non a situacións de acoso na vida real.
- e) Usar medios TIC: sms, e-mail, teléfonos móbiles, redes sociais, blogs, foros, salas de chats...

Medidas de prevención, detección e tratamento

- a) Actividades para sensibilizar ao profesorado, ás nais e pais ou ás titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.
- b) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.

Protocolo de actuación ante o acoso escolar e/ou ciberacoso

1) Detectar e comunicar a situación.

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de acoso ou ciberacoso sobre algún alumno ou alumna comunicarao a un profesor ou profesora, ao titor ou a titora ou ao equipo directivo. En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará o equipo directivo.

Para valorar a situación denunciada, a Xefatura de Estudos, seguindo as instrucións da Dirección, solicitará ao titor/a da alumno/a afectado/a que recolla información





relacionada con esa situación. Se fose necesario deberá completar esta información coa aportada dende o entorno familiar. Asemade, poderase engadir calquera outro tipo de información que se considere relevante, sempre coa necesaria confidencialidade. O resultado destas actuacións comunicarase de forma inmediata a Dirección.

2) Primeiras actuacións.

No caso de que fora necesario a Dirección poderá establecer medidas preventivas de protección á persoa agredida e evitar agresións:

- a) medidas que garantan a inmediata seguridade do alumno/a acosado/a así como medidas de apoio e axuda.
- b) medidas cautelares dirixidas ao acosador/a.

As medidas de protección consistirán no incremento da vixilancia naquelas zonas e durante os momentos que sexan susceptibles de producirse o acoso, tamén se poderá realizar un cambio de grupo.

Si da intervención do titor/a do alumno/a afectado/a se confirmara a existencia de indicios de acoso, e para verificar a situación, a Dirección instará ao titor/a, ou á persoa que designe, para que continúe o procedemento.

3) Medidas de urxencia.

- a) Aumentar a supervisión e vixilancia do profesorado de garda e persoal do centro durante os cambios de clase, baños, entradas e saídas do centro.
- b) Avisar ás familias da vítima, e do acosador/a ou acosadores.
- c) Explicarlle ao alumno acosado todas e cada unha das medidas que se tomarán para darlle seguridade.





A tal efecto manteranse as seguintes entrevistas:

1) Co alumno/a presuntamente acosado/a.

- a) Alumno/a ou alumnos/as agresores/as.
- b) Observadores/as non participantes.
- c) Alumnado que, en ocasións, protexeu e acudiu a vítima.
- d) Localización de espazos e tempos nos que sole producirse la agresión.
- e) Consecuencias da intimidación para a vítima (absentismo escolar, diminución do rendemento académico, repercusións emocionais e físicas, etc.).

2) Con observadores non participantes.

Trátase de recoller información de aqueles compañeiros/as que coñecen os feitos pero que nunca se involucraron activamente neles. Especialmente interesa coñecer:

- a) Frecuencia coa que se produce o acoso.
- b) Tipo de acoso.
- c) Lugar onde se produce.
- d) Sentimento de seguridade que ten o alumnado no Centro.

Como se indica con anterioridade, ao realizar estas entrevistas cómpre sinalar o carácter confidencial das mesmas e, en todo caso, garantir o anonimato do alumnado con relación ás informacións que aporte.

3) Coa familia da presunta vítima:

Nesta entrevista informarase sobre os feitos que se investigan, sobre as medidas preventivas adoptadas, sobre o proceso disciplinario que se iniciaría se se confirmase a existencia dunha situación de acoso e, en caso necesario, das medidas paliativas que se adoptarían. Cando se planifiquen as entrevistas evitarase que coincidan as familias do alumnado implicado.

4) Coas familias do alumno/a ou alumnos/as presuntos agresores.

Nesta entrevista informarase sobre a acusación realizada, sobre as evidencias que existen relacionadas con esa acusación e que, se se confirma a existencia de acoso, iniciárase o





procedemento disciplinario legalmente establecido. En calquera caso manifestarase a os pais/nais a preocupación e o interese do profesorado por axudar ao alumnado a que establezan unhas relacións sociais adecuadas, e solicitarase a colaboración familiar para conseguir ese obxectivo.

5) *Co/a presunto/a agresor/a ou agresores/as.*

Dentro do posible, a primeira entrevista realizarase inmediatamente despois de concluír a reunión cos seus pais. Pedirase ao alumno/a que informe sobre os feitos que están sucedendo ao alumno/a supostamente acosado/a, e se contrastará a súa versión cos datos coñecidos.

d) En caso de ciberacoso, indicar ao alumno, se é o caso, que debe cambiar contrasinais e revisar as medidas de privacidade. Insistirase en que non fagan desaparecer as probas físicas de que dispoñan. e) Pedirase ao alumno acosado que comunique a un adulto calquera insulto, ofensa, ou agresión que reciba e ofreceránselle os mecanismos e vías para que o faga coa maior discreción posible.

Si é necesario ao longo do proceso, a Xefatura de Estudos, á solicitude do/a titor/a ou persoa en quen delegase, poderá recoller asesoramento doutros órganos da Administración competente en Educación.

Unha vez rematadas as entrevistas, o/a titor/a ou persoa encargada de realizar o proceso, realizará un breve informe sobre os datos máis relevantes da situación denunciada e o trasladará a Dirección. Esta, en función da información aportada, decidirá se procede a incoación de expediente disciplinario ao/a alumno/a ou alumnos/as agresores/as.





Neste caso o instructor/a, antes de finalizar o expediente, poderá pedir ao alumno/a acosador/a que propoña e adopte compromisos co fin de que cese a situación de acoso, repare moralmente ao/a acosado/a e colabore co profesorado na erradicación deste tipo de comportamentos. A actitude e compromiso do/a alumno/a ante estas propostas poderase ter en conta á hora de determinar a medida correctiva que corresponda.

4) Comunicación da incidencia.

- a) A dirección do centro informará da situación e do plan de intervención á comisión de convivencia.
- b) A dirección do centro realizará a comunicación á Inspección Educativa xunto coas medidas que se adopten para poñer fin as mesmas.
- c) Se a situación agrávase, ou excede a capacidade de actuación do centro, débese informar á Inspección para que, se o estima oportuno, solicite o asesoramento e/ou intervención da Unidade de Atención e Intervención da Xefatura Territorial correspondente. A Inspección Educativa decidirá sobre a necesidade e tipo de intervención.
- d) No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais. Ademais, se algún dos escolares implicados na situación de acoso escolar fora menor de catorce anos trasladarase tamén esta información á Consellería competente en materia de protección de menores, aos efectos de que dentro das súas atribucións adopte as medidas pertinentes.





Igualmente a Dirección, ao comunicar a incoación de expediente disciplinario á Xefatura Territorial, achegará unha copia da información recollida.

Actuacións posteriores cos implicados nas situacións de acoso escolar

Unha vez verificada a situación de acoso, e iniciadas as medidas correctoras ao abeiro da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa a Dirección adoptará as medidas necesarias para paliar os seus efectos negativos e evitar a reprodución de situacións similares. A estes efectos disporá que se leven a cabo actuacións coa vítima, agresor/a ou agresores/as e observadores/as.

1) Actuacións coa vítima:

- a) a) O/a titor/a, ou persoa que se designe asesorará ao alumnado para que adopte condutas de afrontamento axeitadas ante aquelas situacións conflitivas que, con anterioridade, concluíron nunha situación de acoso. Na instauración destas pautas contarase coa colaboración dos pais/nais ou titores legais.
- b) O profesorado, coordinado polo titor/a, introducirá actuacións enfocadas a ampliar e fortalecer o círculo de relacións da vítima. Estas medidas levaranse a cabo coa adecuada discreción para evitar que a situación persoal da vítima sexa comentada diante de todo o alumnado.
- c) No caso de que se observe que o alumno/a está especialmente afectado dende o punto de vista psicolóxico, a Dirección do Centro recomendará á familia que sexa atendido/a polos servizos externos pertinentes.





2) Actuacións co agresor/a ou agresores/as:

- a) Como complemento ás accións correctoras ás que houbera lugar, segundo o disposto na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa o/a titor/a adoptará as medidas necesarias para favorecer a integración do/a agresor/a ou agresores/as no grupo respectando os intereses e dereitos dos demais.
- b) En caso necesario, a Dirección do Centro poderá recomendar á familia que o/a alumno/a sexa atendido por apoios externos (especialistas sanitarios, servizos sociais, etc).

3) Actuacións cos observadores:

O titor/a realizará actividades co grupo para que o alumnado saiba cómo actuar ante diferentes situacións de acoso. Especialmente incidirase sobre:

- Modo de reprobación das condutas de acoso.
- Modo de mostrar apoio á vítima.
- Procedemento para illar ao agresor/a cando se comporte de modo inadecuado.
- Procedemento para denunciar as agresións.





6 Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van a seguir para o seu desenvolvemento e execución.

Protocolo para as actuacións en *condutas gravemente prexudiciais para a convivencia*.

Actuación da Comisión de Convivencia

- 1) A corrección das faltas graves poderase determinar pola Comisión de Convivencia do Consello Escolar, previo acordo co/a alumno/a ou, se é menor de idade, cos seus pais ou representantes legais.
- 2) A tal efecto, no prazo de cinco días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos, reunirase a Comisión de Convivencia, en sesión previamente convocada. Nela darase audiencia, polo menos, ao profesor/a tutor/a do/a alumno/a, ao/a alumno/a e, se este é menor, aos seus pais ou representantes legais. Oídas todas as partes, formularase proposta de resolución no marco do establecido nas presentes normas.
- 3) Se existise acordo do/a alumno/a ou, se este é menor, dos pais/nais ou representantes legais, deixarase constancia do mesmo nun documento que fixará os termos do acordo acadado, contendo en todo caso os feitos ou condutas imputadas, a corrección que se lle impón, a aceptación expresa da mesma polo/a alumno/a, ou se fose menor, polos seus pais ou representantes





legais, e a súa data de efecto. Dito documento quedará asinado polos membros da Comisión de Convivencia, o/a alumno/a ou se é menor, os seus pais ou representante legais.

- 4) De non producirse acordo co/a alumno/a ou cos pais/nais ou titores legais, procederase a incoar o correspondente expediente.

O/A director do Centro comunicará ao Consello Escolar o tratado na sesión da Comisión de Convivencia a que se refiren os apartados anteriores, así como se houbese, o acordo que se acadase, para a tramitación que proceda.

As faltas graves nas que a corrección non poida resolverse mediante o exposto nestes parágrafos requirirá a instrución dun expediente. Recollida a necesaria información, o/a Director/a do Centro incoará o expediente, ben por iniciativa propia, ben a proposta do Consello Escolar do Centro.

Designación e recusación do/a instrutor/a e medidas provisionais

- 1) A Dirección designará unha persoa instrutora do expediente, que será elixida entre o profesorado do Centro. Quedarán excluídos:
 - O profesorado substituto.
 - O profesorado que imparta clase nos grupos aos que pertenza o alumnado implicada.
 - A persoa titular da Dirección do Centro
 - A persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.





- Os representantes do profesorado no Consello Escolar.
- O profesorado que xa fora instrutor nese curso escolar.
- O profesorado que teña relacións familiares ou laborais co alumno ou alumna.

2) Cando a conduta ou manifestación do instrutor poda inferirse falta de obxectividade, o alumno ou, se é o caso, os seus pais ou representantes legais, poderán recusalo ante a Dirección do Centro, que resolverá segundo proceda.

3) A Dirección, por decisión propia ou a proposta do instrutor/a, poderá impoñer a suspensión de asistencia ao Centro, ou a determinadas actividades ou clases, por un período non superior a unha semana.

4) A medida provisional a que se refire o apartado anterior comunicárase puntualmente ao Consello Escolar, que poderá revocala de maneira razoada.

Instrución do Expediente

- 1) O expediente incoarase nun prazo non superior a cinco días dende que se tivo coñecemento dos feitos ou condutas que se pretenden corrixir, ou no prazo de dous días dende que se celebrou a reunión da Comisión de Convivencia.
- 2) O/a instrutor/a, dende o momento en que se lle notifique o seu nomeamento, iniciará as actuacións conducentes ao esclarecemento dos feitos, entre elas a toma de declaración de aquelas persoas que puidesen aportar datos de interese ao expediente.





- 3) Nun prazo non superior a sete días dende que se comunique a incoación do expediente, o/a instrutor/a notificará ao/a alumno/a, ou aos seus pais ou titores legais se aquel fose menor, o prego de cargos no que se exporán con precisión e claridade os feitos imputados, dándolles un prazo de dous días para alegar canto estimen pertinente.
- 4) Concluída a instrución do expediente, o instrutor formulará proposta de Resolución que deberá conter os feitos ou condutas que se imputan ó alumno, a cualificación dos mesmos, as circunstancias paliativas ou agravantes se as houbese, e a medida correctiva que se propón.
- 5) Acompañado do/a director/a e do/a profesor/a titor/a, o/a instrutor/a dará audiencia ao alumno/a e, se fose menor, aos seus pais ou titores legais, para comunicarlles a proposta de resolución e o prazo de dous días de que dispoñen para alegar canto estimen oportuno na súa defensa.
- 6) Transcorrido o prazo de alegacións, elevarase ao Consello Escolar o expediente completo que incluírá necesariamente a proposta de resolución e todas as alegacións que se tivesen formulado.
- 7) Os prazos que se conteñen no presente artigo entenderanse referidos a días lectivos.
- 8) Finalmente, daráselle debida comunicación ao Servizo de Inspección Educativa do inicio do procedemento, e manteráselle informado da tramitación.

Resolución do expediente, recursos e reclamacións

- 1) A resolución do procedemento non deberá exceder o prazo máximo dun mes dende a data de inicio do mesmo.





- 2) En caso de proposta de expulsión, ou doutra proposta de sanción, a resolución que o Consello Escolar dite comunicarase ao/a alumno/a e aos seus pais ou representantes legais se fose menor de idade. A mesma deberá estar suficientemente motivada, e conterá os feitos ou condutas que se imputa ao alumno/a; as circunstancias agravantes ou paliativas, se as houberse; os fundamentos xurídicos en que se basea a sanción imposta; o contido da medida correctiva e data de efecto da mesma; e o órgano ante o que cabe interpoñer recurso e prazo do mesmo.
- 3) A resolución do Consello Escolar dos Centros públicos poderá ser obxecto de recurso de alzada. Deberá interpoñerse ante o Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria polo/a alumno/a ou os seus pais ou representantes legais, no prazo dun mes, e as súa resolución porá fin á vía administrativa.

Protocolo para as actuacións en condutas leves contrarias á convivencia:

- 1) Comunicación, por parte do profesor/a coñecedor/a dos feitos, á Xefatura de Estudos.
- 2) Valoración por parte deste e adopción das primeiras medidas (amoestación privada ou por escrito ao alumnado, comunicación as familias, etc.).
No caso de requirir medidas maiores:
 1. Informe da Xefatura de Estudos á Dirección.
 2. Citación a familia dos alumnos/as.
- 3) Comunicación aos/as titores/as.





- 4) Reunión co/a alumno/a e familias nas que se escoitará aos interesados/as. En dita reunión estarán presentes o/a director/a e o/a secretario/a, quen levantará acta da sesión.
- 5) Adopción de medidas por parte da Dirección.
- 6) Información inmediata e comunicación escrita das medidas adoptadas aos interesados dando conta da posibilidade de reclamación.
- 7) Información ao titor/a.
- 8) Articulación cando a gravidade da falta así o requira, por parte da Comisión de Convivencia do procedemento seguindo os pasos aquí establecidos a instancias da Dirección ou da Xefatura de Estudos, por delegación desta.

7 Normas de convivencia do Centro

As normas de convivencia do Centro deberán de contribuír a crear un ambiente adecuado entre os membros da comunidade educativa, participando e colaborando activamente, favorecendo sen dúbida un mellor desenvolvemento da ensinanza musical e da convivencia no centro. Debido a diversidade de membros que integran os distintos sectores do conservatorio, é preciso elaborar uns mínimos principios e regras de condutas por básicas que podan parecer.

Dereitos e deberes dos distintos membros da Comunidade Educativa

No marco do establecido pola lexislación básica de educación, os membros da comunidade educativa son titulares dos dereitos e deberes de convivencia e participación que se regulan neste título.





1. Dereitos e deberes do alumnado.

1.1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei de convivencia.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

1.2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.





- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

2. Dereitos e deberes do profesorado.

2.1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.





- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2.2. Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.





e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixelo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

3. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

3.1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- c) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- d) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

3.2. Así mesmo, teñen os seguintes deberes:





- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

4. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

4.1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.





4.2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sxiilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sxiilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

Protocolo de detección-incumprimento das normas

A Dirección articulará os mecanismos que considere necesarios, dentro do marco legal, para detectar na medida do posible o incumprimento das normas que puidera producirse en cada un dos sectores da comunidade educativa.





8 Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que corresponden ao seu incumprimento.

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- 1) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.**
- 2) Condutas leves contrarias á convivencia.**

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Considéranse condutas graves contrarias á convivencia:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a





intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011¹
 - f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
 - g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
 - h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
 - i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
 - j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.
- En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar

¹Artigo 28. Acoso escolar. Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.





os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado²

- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia
- l) O incumprimento das sancións impostas.
- m) Calquera uso fraudulento, intento de ruptura de protocolos de seguridade, ou uso inadecuado dos servizos informáticos do centro (rede local de administración, de profesorado e alumnado, conexións inalámbricas, espazos web como facebook, Youtube, moodle...)

Medidas correctoras ás condutas gravemente prexudiciais e responsables da imposición das medidas

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

2 O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.





- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) do punto primeiro.

Responsables da imposición das medidas:





- 1) A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no artigo 39³ deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III deste decreto.

En caso de que o alumno afectado sexa menor de idade, todas as medidas correctoras serán comunicadas aos pais ou titores legais, con acuse de recibo da comunicación.

Cando a medida correctiva comporte a suspensión do dereito de asistencia a clase, o/a profesor/a responsable da clase obxecto da suspensión informará ao alumno/a e a familia das tarefas que deber realizar en orde a non prexudicar o seu desenvolvemento académico.

En calquera caso, os/as alumnos/as quedan obrigados/as a reparar os danos que causen, individual ou colectivamente, de forma non intencionada ou por negligencia, ás instalacións, aos materiais do Centro e ás pertenzas doutros membros da

3a) *Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.*

b) *Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.*

c) *Cambio de grupo.*

d) *Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.*

e) *Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.*





comunidade educativa, ou a facerse cargo do custe económico da súa reparación. Así mesmo, a restituír, no seu caso, o subtraído. Os pais/nais ou titores legais asumirán a responsabilidade civil que lle corresponde nos termos previstos por lei.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral aos seus compañeiros/as ou demais membros da comunidades educativa, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade nos actos, ben en público ben en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que determinen o órgano competente para impoñer a corrección.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

Prescripción das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

- 1) As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión e excluídos os períodos non lectivos.
- 2) O prazo de prescripción comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescripción non empezará a computar mentres esta non cese.





- 3) En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.
- 4) As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.

As correccións impostas poden ser obxecto de recurso de alzada ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O prazo para presentar o dito recurso será dun mes a partir da súa recepción.

Solicitud de revisión e execución de medidas

- 1) En caso de que o/a alumno/a afectado sexa menor de idade, todas as medidas correctoras serán comunicadas aos pais, nais ou titores legais, con acuse de recibo da comunicación. As persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.
- 2) As correccións impostas poden ser obxecto de recurso de alzada ante a Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O prazo para presentar dito recurso será dun mes a partir da súa recepción.

Circunstancias atenuantes e agravantes





3.1.- Atenuantes

- a) Enfermidades que supoñan alteracións da conduta ditaminadas por un especialista e que non impidan o correcto desenvolvemento das clases colectivas prexudicando ao reto do alumnado.
- b) Recoñecemento espontáneo da falta e presentación de excusas.
- c) Falta de intencionalidade.
- d) A reparación espontánea do dano causado.

3.2.- Agravantes

- a) A intencionalidade e a reincidencia.
- b) A falta de respecto ao profesorado, ao persoal non docente e aos demais membros da comunidade educativa no exercicio das súas funcións.
- c) A causa de dano, inxuria ou ofensa aos seus compañeiros/as.
- d) As condutas que atenten contra o dereito a non ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por padecer discapacidade física, sensorial ou psíquica, ou por calquera condición persoal ou circunstancia social.
- e) Os actos realizados de forma colectiva que atenten contra os dereitos dos demais membros da comunidade educativa.
- f) O uso da violencia.
- g) A publicidade de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- h) A incitación a calquera dos actos contemplados nos apartados anteriores.





Condutas leves contrarias á convivencia.

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

1. As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto⁴.
2. *Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou*

4(a) *As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.*

b) *Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.*

c) *Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.*

g) *Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.*

h) *Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.*

i) *As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.)*





extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011⁵.

3. A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

4. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

5. Outras condutas:

- Comportamento inadecuado*
- Deterioro non grave das dependencias do centro, do material ou dos obxectos da comunidade educativa causado intencionadamente. (enténdese por deterioro non grave o que non impide o normal uso do obxecto deteriorado).*
- Abandonar sen xustificación o centro durante os períodos lectivos.*
- Arrojar obxectos ao chan en calquera dependencia do centro.*
- Pintar, escribir ou ensuciar as paredes ou o mobiliario do centro sen que aparezan expresións groseiras ou irrespectuosas.*
- Utilizar móbiles, aparatos reprodutores, cámaras fotográficas, alarmas sonoras e e calquera outro obxecto que perturbe o curso normal das clases.*
- Comer e mascullar chicles nas clases.*

⁵Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.





- *Amosar unha actitude indiferente cara as actividades do proceso de ensinanza- aprendizaxe mantida habitualmente nunha materia.*
- *Ignorar as chamadas de atención do persoal docente ou non docente do conservatorio.*
- *Facer un uso inadecuado das cabinas de estudo.*
- *Fumar en todo o recinto (interior e exterior) do Centro.*

Medidas correctoras ás condutas leves e responsables da imposición das medidas.

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito. Imposición das medidas correctoras: profesorado en xeral (dando conta á Xefatura de estudos)*
- b) Comparecencia inmediata ante a Xefatura de estudos ou a Dirección. (Imposición das medidas correctoras: profesorado en xeral)*
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo. (Imposición das medidas correctoras: titor/a (dando conta á Xefatura de estudos).*
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas de índole académico que contribúan á mellora da súa aprendizaxe. (Imposición das medidas correctoras: Xefatura de Estudos).*
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. O período enténdese no momento en que se programen as actividades*
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.*





g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Imposición das medidas correctoras: Dirección (puntos e, f, g e h)

Prescripción das condutas leves contrarias á convivencia.

As faltas leves prescribirán, no prazo dun mes, contado a partir da data da súa comisión e excluídos os períodos non lectivos.

Solicitud de revisión e execución de medidas

En caso de que o/a alumno/a afectado sexa menor de idade, todas as medidas correctoras serán comunicadas aos pais, nais ou titores legais, con acuse de recibo da comunicación.

As persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.





9 Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, composición, periodicidade das reunións e plan de actuación.

Composición:

D. José Luis Quintás Carreira (Director).

D. Alejandro Cimadevila Louzao (Xefe de Estudos).

Dna Marta Fernández Pan (profesora).

D. José Ángel Vilas (profesor).

D^a Ana Casal Quintáns (persoal de administración e servizos).

D. David Montoto Pintos Rodríguez (alumno).

D. Antón Ínsua Amigo (pai).

Plan de reunións:

Segundo a "*Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*".

Reunións ordinarias

De forma ordinaria realizarase unha reunión trimestral entre os membros do plan de convivencia na que se abordará, no seu caso, os problemas de convivencia aparecidos. Nestas reunións avaliarase o presente Plan de Convivencia e actualizarase anualmente. Tamén se establecerán as medidas a aplicar no





conservatorio para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que puidesen exporse.

Reunións Extraordinarias

No caso de que xurda un conflito no que estea implicado calquera membro da comunidade educativa a comisión de convivencia reunirse de forma extraordinaria para establecer o Plan de Actuación. Así mesmo, as medidas disciplinarias adoptadas pola Dirección en relación coas condutas dos alumnos e alumnas gravemente prexudiciais para a convivencia, poderán ser revisadas pola comisión de convivencia do Consello Escolar a instancia dos pais, nais ou representantes legais do alumnado, de acordo co establecido no artigo 127 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio. A tales efectos, o director ou directora convocará unha sesión extraordinaria da Comisión de Convivencia do Consello Escolar no prazo máximo de dous días lectivos, contados desde que se presente a correspondente solicitude de revisión, para que este órgano proceda a confirmar ou revisar a decisión e propoña, se corresponde, as medidas oportunas.

Normas específicas para o funcionamento

- a) Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros coa antelación referida.
- b) Participar nos debates das sesións.
- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.





- d) Non absterse nas votacións aqueles que pola súa calidade de autoridades ou persoal ao servizo das administracións públicas teñan a condición de membros de órganos colexiados.
- e) Formular rogos e preguntas.
- f) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

Plan de actuación

A comisión de convivencia exercerá segundo se recolle no artigo 6.4, por delegación do consello escolar, as seguintes actuacións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.





- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

A mediación escolar

O diálogo é o que subxace na formulación da mediación escolar como estratexia de actuación ante os conflitos escolares de convivencia. Consiste na asistencia dunha ou





varias terceiras persoas que axudan ás partes a resolver as súas diferenzas dunha forma produtiva e positiva. Cabe sinalar que a mediación, con todas as habilidades que leva (escoita activa, empatía, procura de alternativas) é profundamente educativa. En todo caso, seguiranse estas pautas:

- a) En conflitos entre alumnos mediarán alumnos.
- b) A participación é absolutamente voluntaria para ambas as partes.
- c) As partes poden elixir os mediadores, e en todo caso deben aceptalos. Todo o que se diga durante a sesión de mediación é absolutamente confidencial.
- d) A solución non a debe dar o equipo mediador, senón que debe saír das partes. O labor do equipo mediador é fomentar a comunicación e axudar ao esclarecemento da situación por medio de escoita activa, de preguntas abertas e de ordenación dos temas e os sentimentos en cuestión, así como promover a procura de acordos.

Hai que sinalar que a mediación non é un recurso para todos os conflitos. Por iso só se promoverá en conflitos de convivencia entre iguais. En conflitos graves en que os actores non queren a mediación, esta non é útil; ademais pode resultar perigosa ao colocar á vítima e ao agresor no mesmo plano.

10 Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos da contorna.

O Plan de Convivencia do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela plasma o consenso de todos os sectores que formamos a Comunidade





Educativa (profesorado, PAS, familias e alumnado) no fomento dunha boa convivencia no Centro. Por iso é esixible:

- a) Participación activa de todos os membros da Comunidade Escolar na consecución dun Centro habitable, seguro e educativo. Para iso utilizaranse as canles e órganos de representación que cada sector ten definidos nas NOF do Conservatorio.
- b) Implicación efectiva de todos os membros da Comunidade Escolar á hora de:
 - *Denunciar* feitos ou situacións que supoñan un claro atentado contra a convivencia no centro.
 - *Colaborar* no esclarecemento destes feitos ou situacións.
 - *Acatar* as decisións adoptadas dentro do marco legal vixente.
- c) Colaboración de todos os membros da Comunidade Escolar para alcanzar os obxectivos do Plan de Convivencia. Cada cal dentro do seu campo de actuación, procurará impulsar as medidas contempladas no mesmo. Unha forma de colaborar activamente na resolución de certos conflitos é a mediación escolar.

Con carácter xeral poderán tamén establecerse:

- a) Colaboración cos servizos sociais do Concello no ámbito das actuacións deste Plan.
- b) Colaboración co Gabinete de orientación familiar da Xunta de Galicia, cando se estime necesario.
- c) Solicitud de intervención/derivación de profesionais especializados externos como o Equipo de Orientación Específico.





- d) Colaboración cos Equipos de Orientación dos centros de ensino obrigatorio de donde proceden os alumnos/as dado que no conservatorio non contamos con especialistas de esta índole.
- e) Utilización dos recursos do contorno: centros de documentación, videotecas municipais, proxectos de solidariedade e tolerancia...

11 Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

Unha vez aprobado o Plan de Convivencia polo Consello Escolar, un exemplar do mesmo quedará na Secretaría do Centro a disposición dos membros da Comunidade Educativa. Así mesmo exporase unha copia do devandito documento na páxina web do Centro e enviarase por correo electrónico á comunidade educativa do CMUS.

E, para darlle maior difusión, o presente Plan publicarse no taboleiro de anuncios do Centro, haberá como mínimo unha copia na Sala de Profesores/as e na Xefatura de Estudos.

12 Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

O presente Plan de Convivencia será sometido a revisión e actualización sempre que calquera sector da Comunidade Educativa presente propostas de modificación.

As propostas de modificación elaboradas polos distintos estamentos serán presentadas na Secretaría do Centro durante a primeira quincena do mes de Maio para a súa





posterior difusión. O resto dos estamentos disporán de 15 días como mínimo para a súa análise.

O Consello Escolar, no mes de xuño, será sempre o que aprobe ou non as modificacións que sexan propostas.

En todo caso deberá modificarse o Plan de Convivencia cada vez que, como consecuencia dos cambios normativos, deba adecuarse o seu texto ás previsións legais en vigor.

Corresponde ao Consello Escolar levar a cabo a avaliación da aplicación e funcionamento do presente Plan de convivencia. Devandito proceso de avaliación efectuarase, polo menos, unha vez por trimestre. No Plan anual de Centro de cada curso escolar faranse constar as posibles rectificacións, engadidos, propostas de mellora e actividades expresamente relacionadas coa convivencia en relación co presente Plan. Así mesmo, na Memoria Final de cada curso deberá quedar constancia das incidencias principais, resultado da súa aplicación e as propostas de reforma ou mellora acordadas polo Consello Escolar, Claustro de profesores, Equipo Directivo ou Asociacións de pais e nais do alumnado do Centro. Unha vez que se aprobe o Plan de Convivencia, no primeiro ano da súa implementación e coa posta en marcha do Observatorio de Convivencia Escolar, farase especial fincapé en avaliar a situación e as necesidades do Centro.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Este Plan de Convivencia foi aprobado polo Claustro de profesorado nos asuntos que son da súa competencia en sesión celebrada o día 13 de xuño de 2019; foi aprobado polo Consello Escolar en sesión celebrada o día 26 de Xuño de 2019 e aprobado pola Dirección do Centro o día 27 de xuño de 2019, entrando en vigor no vindeiro curso 2019-20

O que comunico para o coñecemento da comunidade educativa.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019

O Director.

Asdo.: José Luis Quintás Carreira



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

ADENDA DE ACTUALIZACIÓN DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

DATA: 21 de novembro de 2023

En reunión do consello escolar celebrada o día 20 de novembro de 2023 acordouse a actualización da comisión de convivencia do Centro quedando composta cos seguintes membros:

- José Luis Quintás Carreira (Director).
- Alejandro Cimadevila Louzao (Xefe de Estudos).
- Alejandro Valcarcel Moura (profesorado)
- Natalia Méndez Zunzunegui (profesorado)
- Francisco Manuel López (nais/pais)
- Sergio Quintana Pereiro (alumnado)
- Pilar Suárez (pas).

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023

O Director



Asdo.: José Luis Quintás Carreira

The circular stamp contains the text: XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, and CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA SANTIAGO DE COMPOSTELA. In the center of the stamp is a crest featuring a crown and a chalice.